Documento asinado

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL 07/10/2020 14:45:36 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 08/10/2020 09:18:35 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 08/10/2020 14:48:01 | XEFE PATRIMONIO LUIS RODRÍGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA 15/10/2020 10:34:32 | XEFE SERVIZO MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO - ( SECUNDINO OTERO FAILDE ) 15/10/2020 12:11:50 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TÉCNICO JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA 15/10/2020 14:39:15 | DIRECTOR DE RÉXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO

# ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE OUTUBRO DE 2020

Ás 10:25 horas do día 5 de outubro de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 30 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** Dª. Nuria Rodríguez Rodríguez

**Vocais:** Dª. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
Dª. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
Dª. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña, xefe do Servizo de Patrimonio (asiste ao punto 11d)
D. Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo (asiste aos puntos 9a e 10b)
D. Fernando Carballo Villar, director de Réxime Interior de Vigozoo (asiste aos puntos 3a e 10a).
D. José Ángel Lago Filgueira, suplente do xefe do Servizo de Deportes (asiste aos puntos 9b e 10c)

**Secretaria**: Dª. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "mellora da seguridade viaria no camiño da Arrouba (Zamáns)" (613-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A *"Documentación persoal",* tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/05/2024 07:39 | Páxina 1 de 20 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8AE47-CEB53A-5EB5DC-AJ27J7-8GH6XG-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
2. BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
3. CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
4. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
5. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.
6. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
7. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
8. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
9. CONSTRUCTORA E INGENIERÍA MESSI, S.L.
10. ENDENOR, MTTO. Y SERVICIOS, S.L.
11. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.
12. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
13. NAROM, S.L.
14. OBRAS GALLAECIA, S.L.
15. ORECO, S.A.U.
16. PROYECON GALICIA,S.A.
17. RESIGAL GESTIÓN INTEGRAL DE GALICIA, S.L.
18. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
19. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.
20. VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS, S.L.U.

**3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna en Vigozoo (10.368-612) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 24 de setembro de 2020, o 28 de setembro, se concedeu un prazo de tres días a AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. (lote 4 "*Despece de polo*") para que puidese emendar a documentación persoal. Durante o prazo concedido, o 28 de setembro, o licitador presentou a documentación requirida. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. no lote 4 "*Despece de polo*" deste procedemento por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Compróbase na sesión que as ofertas presentadas non conteñen valores anormais de acordo co previsto na cláusula 18 do PCAP e, en cumprimento do establecido na cláusula 16.3, ao terse presentado un único licitador aos lotes 1, 2 e 4, outórgase a máxima puntuación ao único licitador presentado en



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL 07/10/2020 14:45:36 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 08/10/2020 09:18:35 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 08/10/2020 14:48:01 | XEFE PATRIMONIO LUIS RODRIGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA 15/10/2020 10:34:32 | XEFE SERVIZO MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO - ( SECUNDINO OTERO FAILDE ) 15/10/2020 12:11:50 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TÉCNICO JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA 15/10/2020 14:39:15 | DIRECTOR DE REXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/05/2024 07:39 | Páxina 2 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8AE47-CEB53A-5EB5DC-AJ27J7-8GH6XG-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

cada un deles segundo o previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP, co seguinte detalle:

- LOTE 1: Alimento de roedores conxelado:

| Licitador | Porcentaxe desconto único | Redución kg de embalaxe máximos | Redución prazo de entrega | Puntuación total |
|---|---|---|---|---|
| SAINT LAURENT, S.A. | 75 puntos | 20 puntos | 5 puntos | 100 puntos |

- LOTE 2: Alimento conxelado para aves:

| Licitador | Porcentaxe desconto único | Redución kg de embalaxe máximos | Redución prazo de entrega | Puntuación total |
|---|---|---|---|---|
| SAINT LAURENT, S.A. | 75 puntos | 20 puntos | 5 puntos | 100 puntos |

- LOTE 4: Despece de polo:

| Licitador | Porcentaxe desconto único | Redución kg de embalaxe máximos | Redución prazo de entrega | Puntuación total |
|---|---|---|---|---|
| AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. | 75 puntos | 20 puntos | 5 puntos | 100 puntos |

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "mellora da seguridade viaria no camiño da Arrouba (Zamáns)" (613-441)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre C *"Proposición avaliable mediante fórmula"* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

| | Licitador | Prezo |
|---|---|---|
| 1 | ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. | 64.144,74 |
| 2 | BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. | 74.812,13 |
| 3 | CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L. | 66.308,00 |
| 4 | CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. | 63.483,92 |
| 5 | CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L. | 79.000,00 |
| 6 | CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. | 70.353,26 |
| 7 | CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) | 56.817,67 |
| 8 | CONSTRUCCIONES VALE, S.L. | 54.654,45 |



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL 07/10/2020 14:45:36 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 08/10/2020 09:18:35 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 08/10/2020 14:48:01 | XEFE PATRIMONIO LUIS RODRÍGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA 15/10/2020 10:34:32 | XEFE SERVIZO MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO - ( SECUNDINO OTERO FAILDE ) 15/10/2020 12:11:50 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TÉCNICO JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA 15/10/2020 14:39:15 | DIRECTOR DE REXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/05/2024 07:39 | Páxina 3 de 20 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8AE47-CEB53A-5EB5DC-AJ27J7-8GH6XG-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | Licitador | Prezo |
|---|---|---|
| 9 | CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. | 71.783,64 |
| 10 | ENDENOR, MTTO Y SERVICIOS, S.L. | 76.495,63 |
| 11 | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. | 66.211,20 |
| 12 | MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. | 72.604,77 |
| 13 | NAROM, S.L. | 67.333,58 |
| 14 | OBRAS GALLAECIA, S.L. | 65.327,90 |
| 15 | ORECO, S.A.U. | 83.031,50 |
| 16 | PROYECON GALICIA, S.A. | 71.250,85 |
| 17 | RESIGAL GESTIÓN INTEGRAL DE GALICIA, S.L. | 65.340,00 |
| 18 | SERGONSA SERVICIOS, S.L. | 73.929,79 |
| 19 | SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. | 64.440,60 |
| 20 | VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS, S.L.U. | 74.468,02 |

Asiste á apertura Dª. Fátima Santalla Fernández, con DNI **.*18.24* en representación de VILARIÑO MOVIMIENTO DE TIERRAS Y OBRAS, S.L.U.; e Dª. Rebeca Platero de Turiso, con DNI **.*88.75*, en representación da FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN (G-15.158.959).

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase informe asinado o 25 de setembro de 2020 polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en relación co erro aritmético detectado no informe de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor. A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda que se proceda á súa publicación no perfil de contratante.

A continuación, entrégase o informe asinado na mesa data, 25 de setembro, polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos-xefe do Servizo de Vías e Obras e o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL 07/10/2020 14:45:36 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 08/10/2020 09:18:35 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 08/10/2020 14:48:01 | XEFE PATRIMONIO LUIS RODRIGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA 15/10/2020 10:34:32 | XEFE SERVIZO MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO - ( SECUNDINO OTERO FAILDE ) 15/10/2020 12:11:50 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TÉCNICO JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA 15/10/2020 14:39:15 | DIRECTOR DE RÉXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/05/2024 07:39 | Páxina 4 de 20 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8AE47-CEB53A-5EB5DC-AJ27J7-8GH6XG-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)**

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes o 30 de setembro de 2020 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna en VigoZoo (10.368-612)**

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación acórdase, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna en VigoZoo (10.368-612) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1: Alimento de roedores conxelado:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | SAINT LAURENT, S.A. | 100 puntos |

- LOTE 2: Alimento conxelado para aves:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 2 | SAINT LAURENT, S.A. | 100 puntos |

- LOTE 4: Despece de polo:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|---|---|
| 3 | AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. | 100 puntos |

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, SAINT LAURENT, S.A. (lotes 1 e 2) (N0013485H) e AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. (lote 4) (A-36.002.236), para que presenten, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 159.4.4º da LCSP):

- AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U.: ao estar inscrita no Rexistro de Licitadores e Empresas



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL 07/10/2020 14:45:36 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 08/10/2020 09:18:35 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 08/10/2020 14:48:01 | XEFE PATRIMONIO LUIS RODRÍGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA 15/10/2020 10:34:32 | XEFE SERVIZO MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO - ( SECUNDINO OTERO FAILDE ) 15/10/2020 12:11:50 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TÉCNICO JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA 15/10/2020 14:39:15 | DIRECTOR DE RÉXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/05/2024 07:39 | Páxina 5 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8AE47-CEB53A-5EB5DC-AJ27J7-8GH6XG-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL 07/10/2020 14:45:36 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 08/10/2020 09:18:35 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 08/10/2020 14:48:01 | XEFE PATRIMONIO LUIS RODRÍGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA 15/10/2020 10:34:32 | XEFE SERVIZO MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO - ( SECUNDINO OTERO FAILDE ) 15/10/2020 12:11:50 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TÉCNICO JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA 15/10/2020 14:39:15 | DIRECTOR DE REXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO
Documento asinado

Clasificadas do Sector Público, unicamente deberá presentar a documentación esixida nas cláusulas 8.5.2 e 22.1 do PCAP:

- Documentos acreditativos da representación (poder outorgado a favor de quen subscriba/n a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do/s apoderado/s)
- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.

- SAINT LAURENT, S.A., ao non figurar inscrita nun rexistro de contratistas, deberá presentar a seguinte documentación:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de setembro de 2020, de FORESTAL SANTOMÉ, S.L. e EMDESFOR 2002, S.L. dos 5 lotes deste procedemento por non acadar o umbral mínimo de puntuación (50%) esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 "tramo 1"

| | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | GROMA OBRAS, S.L. | 81,83 |



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/05/2024 07:39 | Páxina 6 de 20 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8AE47-CEB53A-5EB5DC-AJ27J7-8GH6XG-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | | |
|---|---|---|
| 2 | LAPATIAN, S.L. | 80,77 |
| 3 | CALFENSA PROYECTOS, S.L. | 80,37 |

- Lote 2 “tramo 2”

| | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | GROMA OBRAS, S.L. | 81,83 |
| 2 | LAPATIAN, S.L. | 80,05 |
| 3 | CALFENSA PROYECTOS, S.L. | 79,57 |

- Lote 3 “tramo 3”

| | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | LAPATIAN, S.L. | 80,45 |
| 2 | GROMA OBRAS, S.L. | 80,33 |

- Lote 4 “tramo 4”

| | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | LAPATIAN, S.L. | 81,47 |
| 2 | GROMA OBRAS, S.L. | 79,88 |
| 3 | CALFENSA PROYECTOS, S.L. | 79,57 |

- Lote 5 “tramo 5”

| | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | LAPATIAN, S.L. | 81,47 |
| 2 | GROMA OBRAS, S.L. | 80,33 |
| 3 | CALFENSA PROYECTOS, S.L. | 79,48 |

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GROMA OBRAS, S.L. (lotes 1 e 2) (B-70.484.811) e LAPATIAN, S.L. (lotes 3, 4 e 5) (B-36.940.989) para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes**



ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL 07/10/2020 14:45:36 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 08/10/2020 09:18:35 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 08/10/2020 14:48:01 | XEFE PATRIMONIO LUIS RODRÍGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA 15/10/2020 10:34:32 | XEFE SERVIZO MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO - ( SECUNDINO OTERO FAILDE ) 15/10/2020 12:11:50 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TÉCNICO JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA 15/10/2020 14:39:15 | DIRECTOR DE RÉXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/05/2024 07:39 | Páxina 7 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8AE47-CEB53A-5EB5DC-AJ27J7-8GH6XG-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL 07/10/2020 14:45:36 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 08/10/2020 09:18:35 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 08/10/2020 14:48:01 | XEFE PATRIMONIO LUIS RODRIGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA 15/10/2020 10:34:32 | XEFE SERVIZO MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO - ( SECUNDINO OTERO FAILDE ) 15/10/2020 12:11:50 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TÉCNICO JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA 15/10/2020 14:39:15 | DIRECTOR DE RÉXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO

Documento asinado

**da Concellería de Deportes (3.275-611)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas neste procedemento pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 29 de setembro de 2020, de SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. por non acadan o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) na seguinte orde descendente:

| | Licitadores | Puntuación total |
|---|---|---|
| 1 | UNIUM SERVICIOS AUXILIARES | 84.10 |
| 2 | INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. | 82.38 |
| 3 | SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. | 80.34 |
| 4 | OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. | 72.43 |
| 5 | EULEN, S.A. | 35.93 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIUM SERVICIOS AUXILIARES (B-72.245.798), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23.977-332)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**<u>LEXISLACIÓN APLICABLE</u>**



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/05/2024 07:39 | Páxina 8 de 20 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8AE47-CEB53A-5EB5DC-AJ27J7-8GH6XG-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL 07/10/2020 14:45:36 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 08/10/2020 09:18:35 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 08/10/2020 14:48:01 | XEFE PATRIMONIO LUIS RODRÍGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA 15/10/2020 10:34:32 | XEFE SERVIZO MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO - ( SECUNDINO OTERO FAILDE ) 15/10/2020 12:11:50 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TÉCNICO JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA 15/10/2020 14:39:15 | DIRECTOR DE REXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23.977-332)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 17 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV)*

*2º.- Aprobar o Prego de prescripcións técnicas (PPT) de 29 de xaneiro de 2020 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de 19 de xuño, que se inclúen no expediente.*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.785.969, 80 euros (162.360,88€ na anualidade de 2020; 446.492,45€ na anualidade de 2021, 446.492,45€ na anualidade de 2022, 446.492,45€ na anualidade de 2023 e 284.131,57€ na anualidade de 2024) para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da Escola Municipal de Música de Vigo, con cargo a partida 3230.227.99.02 "Escola municipal de música de Vigo" e Bolsa de vinculación. O valor estimado do contrato estipulase en 2.232.462,25€.*

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de setembro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23.977-332) na seguinte orde descendente:*



Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/05/2024 07:39 | Páxina 9 de 20 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8AE47-CEB53A-5EB5DC-AJ27J7-8GH6XG-F1 | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL 07/10/2020 14:45:36 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 08/10/2020 09:18:35 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 08/10/2020 14:48:01 | XEFE PATRIMONIO LUIS RODRÍGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA 15/10/2020 10:34:32 | XEFE SERVIZO MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO - ( SECUNDINO OTERO FAILDE ) 15/10/2020 12:11:50 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TÉCNICO JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA 15/10/2020 14:39:15 | DIRECTOR DE REXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO
Documento asinado

| | *Licitador* | *Puntuación total* |
|---|---|---|
| *1* | *ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA* | *93 puntos* |

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA (F-27.779.255), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA , o día 9 de setembro de 2020, que presenta a documentación requirida o 22 e 23 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 24 de setembro de 2020 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade dos membros presentes, conceder un prazo de tres días a ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA para que puidese emendar a garantía definitiva.

Durante o prazo concedido, o 29 de setembro de 2020, o licitador depositou o aval na Tesourería Municipal.

A Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor



| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 01/05/2024 07:39 | Páxina 10 de 20 |
|---|---|---|
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A8AE47-CEB53A-5EB5DC-AJ27J7-8GH6XG-F1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: LETRADA - ASESORA XURÍDICA MARÍA ISABEL FERNÁNDEZ GABRIEL 07/10/2020 14:45:36 | INTERVENTORA ADXUNTA - ( OLGA GOMEZ CORBAL ) 08/10/2020 09:18:35 | SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL SUSANA GALLARDO FARIÑA 08/10/2020 14:48:01 | XEFE PATRIMONIO LUIS RODRIGUEZ-CADARSO DE LA PEÑA 15/10/2020 10:34:32 | XEFE SERVIZO MEDIO AMBIENTE, SANIDADE E CONSUMO - ( SECUNDINO OTERO FAILDE ) 15/10/2020 12:11:50 | ADXUNTO A XEFATURA SERV. DEPORTES - DIRECTOR TÉCNICO JOSÉ ÁNGEL LAGO FILGUEIRA 15/10/2020 14:39:15 | DIRECTOR DE REXIME INTERIOR - ZOO - ( FERNANDO CARBALLO

Documento asinado

do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA, de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 1 de setembro de 2020 e do acordo da Mesa de Contratación do 8 de setembro polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable mediante fórmula (cláusula 16.3 do PCAP).

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a ESMUVIGO, SOC. COOP. GALEGA (F-27.779.255) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música de Vigo (EMMV) (23.977-332) coas seguintes condicións:*

a) *O prezo total do contrato é de 1.785.969,80 euros, exento de IVE.*
b) *Comprométese á realización de 10 días de actividades extraescolares complementarias ofertada (a maiores das audicións periódicas do alumnado) de conformidade co indicado no punto 3.4.1 do Proxecto Educativo da EMMV (Anexo I do PPT).*
c) *Comprométese á impartición de 40 horas de cursos específicos de conformidade co establecido no 3.4.2. do Proxecto Educativo da EMMV.*

